

 XUNTA  
DE GALICIA.

 Xacobeo 21-22

Vigo



un paseo de  
historia e vida





## Vigo

VIGO, DENOMINADA A CIDADE OLÍVICA, É A URBE MÁIS POPULOSA DE GALICIA. LOCALIZADA AO SUR DAS RÍAS BAIXAS, POSÚE UN CLIMA TEMPERADO E SUAVE, E UN PASADO MARIÑEIRO QUE A CONVERTEU NUN DOS PORTOS PESQUEIROS MÁIS IMPORTANTES DE EUROPA. ESA PEGADA MARIÑEIRA LÉGANOS UNHA CIDADE VELLA DE ARQUITECTURA POPULAR QUE CONTRASTA CO ESPLENDOR SEÑORIAL DO SÉCULO XIX OU AS VANGARDAS ARQUITECTÓNICAS DE ESTILO MODERNISTA E ECLÉCTICO PRESENTES NOS SEUS EDIFICIOS MÁIS EMBLEMÁTICOS. AS PRAIAS, OS PAZOS, PARQUES E MUSEOS OU AS ACHEGADAS ILLAS CÍES COMPLETAN O SEU ATRACTIVO TURÍSTICO.

# Imprescindibles

A Praza da Pedra e  
Colexiata de Santa María



B Rúa dos Cesteiros



C Praza da Constitución



D Mirador do Olivo



E Porta do Sol e O Sereo



F Teatro García Barbón





# A ruta



- 1 Rúa de Cánovas del Castillo
- 2 Centro Comercial A Laxe
- 3 Praza da Pedra
- 4 Praza de Almeida
- 5 Rúa Méndez Núñez
- 6 Rúa dos Cesteiros
- 7 Praza da Constitución
- 8 Rúa dos Sombreiraos
- 9 Porta do Sol
- 10 Rúa Elduayen
- 11 Paseo de Alfonso XII
- 12 Rúa Ferrería
- 13 Subida ao Castelo
- 14 Rúa de San Sebastián
- 15 Rúa do Pracer
- 16 Rúa de Abeleira Menéndez
- 17 Praza da Princesa
- 18 Rúa de Joaquín Yáñez
- 19 Rúa de Fermín Penzol
- 20 Rúa Carral
- 21 Rúa Cánovas del Castillo
- 22 Rúa Baixada á Fonte
- 23 A Peixería
- 24 Rúa de Teófilo Llorente
- 25 Praza da Ribeira do Berbés





# Vigo

VIGO, DENOMINADA A CIDADE OLÍVICA, É A URBE MÁIS POPULOSA DE GALICIA. LOCALIZADA AO SUR DAS RÍAS BAIXAS, POSÚE UN CLIMA TEMPERADO E SUAVE, E UN PASADO MARIÑEIRO QUE A CONVERTEU NUN DOS PORTOS PESQUEIROS MÁIS IMPORTANTES DE EUROPA. ESA PEGADA MARIÑEIRA LÉGANOS UNHA CIDADE VELLA DE ARQUITECTURA POPULAR QUE CONTRASTA CO ESPLENDOR SEÑORIAL DO SÉCULO XIX OU AS VANGARDAS ARQUITECTÓNICAS DE ESTILO MODERNISTA E ECLÉCTICO PRESENTES NOS SEUS EDIFICIOS MÁIS EMBLEMÁTICOS. AS PRAIAS, OS PAZOS, PARQUES E MUSEOS OU AS ACHEGADAS ILLAS CÍES COMPLETAN O SEU ATRACTIVO TURÍSTICO.

A nosa ruta comeza na **rúa de Cánovas del Castillo** ①, fronte á estación marítima, un lugar que nos trae as lembranzas e a morriña dos miles de emigrantes galegos que partiron rumbo a América; daquel pasado só nos queda o testemuño calado de Ramón Conde, o seu Monumento ao Emigrante, que hoxe brinda a benvida aos numerosos turistas que realizan cruceiros e desembarcan anualmente para coñecer a cidade...

Situada na estación marítima, xusto enriba do peirao de transatlánticos, está a *Cafetería-Restaurante Albatros*, que nos ofrece unhas vistas inmejorables da ría de Vigo

mentres comemos ou tomamos un café, un aperitivo, unha copa...

O **Centro Comercial A Laxe** ② permítenos acceder ao barrio do Berbés de forma cómoda. Dende as súas terrazas podemos gozar dunha fermosa panorámica sobre o porto. Vigo posúe unha ampla gama de instalacións portuarias, coma os peiraos pesqueiro, de mercancías, de pasaxeiros, deportivo e os estaleiros. Atópase tamén a estación marítima, que serve para o transporte de viaxeiros entre as diferentes localidades da ría de Vigo e, durante os períodos de vacacións, cara ás espectaculares Illas Cíes, que forman parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas, candidato a Patrimonio Mundial da UNESCO.



**PÁXINA OPOSTA** O Nadador  
**ABAIXO** Monumento ao Emigrante



Entre a estación marítima de transatlánticos e o porto deportivo descubrimos [EL NADADOR](#), do prestixioso escultor Francisco Leiro; trátase dun conxunto escultórico de bronce formado por varias pezas que semellan parcialmente somerxidas no pavimento.

Dende o Centro Comercial A Laxe accedemos á **praza da Pedra** ou da Igrexa, un lugar de reunión de gremios e rexedores nos séculos XVI e XVII, para tomar decisións e resolver disputas. Debido ao vencello indisoluble que Vigo mantén con América, nas paredes dos edificios situados no miradoiro figuran as inscricións coas datas e cos nomes da fundación dalgunhas cidades americanas. Ademais, cómpre lembrar que a primeira liña regular con este continente eran os vapores que chegaban a Vigo dende Liverpool e continuaban destino á Habana.

A tradición do bo produto e a magnífica cociña en Vigo está representada, entre outros, polo [Restaurante Mosquito](#), aberto dende 1930 como taberna mariñeira. Hoxe, totalmente renovado, segue a ser un lugar de referencia para comer. Por este famoso establecemento pasaron escritores coma Torrente Ballester, Josep Pla, Edgar Neville ou

Wenceslao Fernández Flórez; actores coma Pepe Isbert, Vicente Parra ou José Bódalo; e cineastas coma Peter Ustinov.

Sobre dous templos anteriores xa desaparecidos, construíuse en 1811 a actual [COLEXIATA DE SANTA MARÍA](#), que hoxe ostenta rango de concatedral. É un sobrio e ben proporcionado edificio, deseñado polo arquitecto Melchor de Prado y Mariño, que custodia no seu interior unha das imaxes máis veneradas de Galicia, o Santo Cristo da Vitoria, patrón da cidade, que sae en procesión o primeiro domingo de agosto acompañado por decenas de miles de fieis; de feito, é a procesión máis multitudinaria de Galicia. O 28 de marzo de 1809 as tropas napoleónicas foron derrotadas e expulsadas de Vigo mediante a intercepción do Santo Cristo, por iso se celebra nesta data o Día da Reconquista e tódolos anos se recrea o episodio no barrio do Berbés. Outro acontecemento histórico que marcou o devir de Vigo foi o desembarco do corsario Drake, a finais do século XVI, que arrasou O Berbés



**ABAIXO** Restaurante El Mosquito  
**PÁXINA OPOSTA, ARRIBA** Alimentación Rivera

e queimou a igrexa e a oliveira que se atopaba no adro; os veciños do barrio salvaron algunhas das súas ramas que foron replantadas simbolizando o rexurdir da urbe, de aí o sobrenome de Cidade Olívica.

Na próxima **rúa Palma nº 4** atópase o [CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA](#), situado no histórico edificio Cambón. O seu nome provén da vella tenda de mobles que, durante décadas formou parte do antigo Palacio do Marqués de Valladares. Hoxe en día, o lugar permítenos coñecer a fondo a riqueza e diversidade do parque natural grazas ás novas tecnoloxías.

Continuamos o paseo pola **praza de Almeida** <sup>4</sup>, chamada orixinalmente a praza Vella ou a praza das Cebolas, xa que cada semana se celebraba alí un mercado de produtos agrícolas. En 1894 decidiuse darlle o nome actual en recoñecemento a Juan Almeida de Sousa e Saa, que participou na reconquista de Vigo ao mando de 40 000 soldados. Na praza atopamos dous edificios declarados monumentos histórico-artísticos, a [CASA-TORRE DE PAZOS FIGUEROA](#) e a [CASA DE CETA](#) ou [ARINES](#), considerados como as arquitecturas civís máis antigas da cidade. É significativo o marcado contraste entre o aspecto de gran torre defensiva medieval da Casa Ceta e o refinamento decorativo, propio xa dun palacio, da Casa Pazos Figueroa. Na actualidade son sede do Instituto Camões, que se encarga



da difusión da lingua e cultura portuguesas, o equivalente ao Instituto Cervantes en España.

Como negocios singulares atopamos [Agua-tinta](#), especializado en gravados antigos, entre os que destaca unha colección dedicada á Batalla de Rande; edicións orixinais de cartografía e cartas de navegación; ou a tenda máis vella en activo do barrio, a [Ferraxería Julio Rico](#), aberta dende 1908. Ao seu carón, na **rúa Méndez Núñez** <sup>5</sup>, encontramos [Allur India](#), coma unha cova de Alí Babá, chea de cores, recendos e obxectos que nos transportan ao Extremo Oriente, e un pouco máis arriba, [O Gato con Joyas](#), que manufactura pezas de deseño propio con xemas naturais.

Volvemos sobre os nosos pasos e ascendemos pola sinuosa **rúa dos Cesteiros** <sup>6</sup>, que debe o seu nome aos artesáns chegados da serra da Estrela, en Portugal, a comezos do século






XX; en poucos anos converteríase nun dos centros de produción de cestería máis importantes de Galicia, chegando a contar ata con vinte cesteiros. O traballo do vimbio era fundamental nos portos pesqueiros. As pezas máis demandadas eran os cestos para gardar e transportar o peixe, así como as nasas (artes de pesca tradicionais).

Hoxe podemos atopar todo tipo de obxectos realizados en vimbio, aínda que xa son moi poucos os artesáns que se encargan de manter viva a tradición, coma [Antonio Suárez](#), coa súa tenda-obradoiro especializada en cestería tradicional, con máis de 60 anos de experiencia. A rúa anímase, así mesmo, con dúas das tabernas máis tradicionais do barrio do Berbés e que aínda conservan todo o seu sabor mariñeiro a [Taberna A Pedra](#) e o [Bar El Chavolas](#). Na mesma rúa, [A Lareira](#), nun local coidadosamente restaurado que conserva



unha lareira centenaria, ofrece produtos gastronómicos e delicatessen.

Sáímos á **praza da Constitución** 7, onde encontramos edificios do século XIX, baixo cuxos soportais os artesáns vendían os seus produtos. En 1896 instalouse aquí o PRIMEIRO FAROL DE LUZ ELÉCTRICA que se acendeu en Vigo e, actualmente, vemos unha réplica que aluma o vello CONCELLO de 1859, hoxe sede da Casa Galega da Cultura. Este lugar está cargado de historia xa que aquí naceu o grande almirante Casto Méndez Núñez, como testemuña a placa que hai no número 13 da rúa dos Sombreiraos.



Por aquí tamén pasaron as tropas francesas en 1808 e, así mesmo, leuse a Constitución de Cádiz de 1812, que lle deu á praza o seu

**ARRIBA** Aguatinta  
**ABAIXO** Cesteira  
**PÁXINA OPOSTA** Rúa dos Cesteiros





nome actual. É un dos recunchos máis animados da cidade; numerosas terrazas échense de vida e bulicio, sobre todo ao caer a tarde, para gozar dun intre de relax con amigos. Entre os locais de moda destaca *La Central*, un gastrobar establecido nun palacete barroco do século XVIII, a Casa Pereira de Castro, para algúns o local máis «cool» da cidade vella. Na praza da Constitución número 9 atopamos *Coco Melo* unha tenda de complementos e moda para a muller que coma eles mesmos definen: a roupa que nos gusta ao prezo que nos interesa.

Na achegada **rúa dos Sombreiraos** <sup>8</sup>, os amantes das empanadillas deberían de entrar en Paima, un despacho de pan con máis de 25 variedades deste produto; téñenas para celíacos, veganos, vexetarianos, e mesmo sen lactosa. Ao seu carón, a *Mercería Crespo* que dende 1964 leva abastecendo de tecidos, botóns e fíos á numerosa clientela que alí se dá cita e *Numismática Besteiro* facendo as delicias dos coleccionistas.



Na **costa de San Vicente número 8**, a *Taberna A Mina* deleita Dende 1953 aos clientes con vermús e spritz acompañados polas súas tradicionais tapas de callos ou mexillóns da ría con salsa especial da casa.

Seguimos o noso paseo pola **porta do Sol** <sup>9</sup>, centro neuráxico da cidade que divide os dous antigos barrios: O Berbés e A Ferreiría. Dende aquí, pola **rúa de Elduayen** <sup>10</sup> e o **paseo de Afonso XII** <sup>11</sup> chegamos ao MIRADOIRO DA OLIVEIRA, que toma o seu nome da maxestosa oliveira de case dous séculos de antigüidade. É un lugar de encontro de vigueses e visitantes para ver as postas de sol, sobre todo dende as cobizosas terrazas das cafeterías que animan a praza. Non é

ARRIBA Praza da Constitución

ABAIXO Placa da rúa dos Sombreiraos

PÁXINA OPOSTA Praza da Constitución





de estrañar que a ría de Vigo sexa fonte de inspiración para xogres, poetas e trobadores medievais, coma Martín Códax, Xoán de Cangas ou Mendiño, tal e como o testemuña o monumento de Xaime Quesada.

Pola **rúa da Ferrería** <sup>12</sup> adentrámonos no barrio homónimo, sen dúbida unha das zonas máis dinámicas despois do seu proceso de recuperación. O seu nome nos recorda os artesáns do ferro. Ao final da rúa, desvíámonos pola **subida ao Castelo** <sup>13</sup> para visitar o Centro de Artesanía Tradicional de Vigo (CAT). Nas súas salas de exposición podemos coñecer o traballo de sete oficios tradicionais: oleiros, canteiros, carpinteiros, cesteiros, gornicioneiros, ferreiros e tece-

ARRIBA Mirador do Olivo  
PÁXINA OPOSTA Fortaleza

dores, para así protexer un prezado legado cultural e, a través dos seus obradoiros, recuperar estes vellos modos de vida.

Continuamos o paseo pola **rúa de San Sebastián** <sup>14</sup>, unha das máis antigas da cidade, e chegamos ao **BANCO DOS CONTOS**, un lugar onde os gandeiros e comerciantes facían contas das transaccións do mercado que aquí se celebraba. Aínda podemos ver algúns números gravados en pedra que dan testemuño deste pasado mercantil. Dende aquí vemos a **FORTALEZA DO SÉCULO XVII**, que protexeu á cidade dos ataques dos exércitos portugueses e dos corsarios ingleses; aínda se conservan parte dos baluartes e do recinto amurallado. Na actualidade, destaca a imponente mole do **CONCELLO DE VIGO**, levantado aquí nos anos 70.

Na achegada **rúa do Pracer** <sup>15</sup>, atopamos dous locais fóra do convencional. No número 19, o **Café Uf**, un referente no mundo cultural da cidade vella, con máis de trinta anos de traxectoria, onde se pode escoitar a cantautores ou música alternativa, asistir a un recital de poesía ou a unha declamación filosófica, ver unha exposición de pintura, gozar dun pase de cine ou mesmo ler libros ou revistas fóra dos círculos comerciais máis habituais. No número 12 desta mesma rúa estableceuse o **Centro Naturista Librería Gándal**, cheo dunha inmensa variedade de libros e deudevés, dedicados á medicina natural, ioga, astroloxía, espiritualidade, ecoloxía,

terapias, desenvolvemento persoal... Aquí atopamos un pouco de todo: dende minerais, flores de Bach, esencias, incensos, runas ou campás tibetanas ata moedas ou útiles para o *feng shui*.

Retornamos ao centro histórico pola **rúa de Abeleira Menéndez**, onde nos últimos anos se instaláron novos emprendedores que están a dinamizar o barrio da Ferrería con iniciativas comerciais de nova tendencia. No nº 17 está **Aveleira Viños**, que é unha porta aberta ao mundo do viño, onde, ademais de degustar e mercar, podemos asistir a catas, presentacións de adegas ou encontros con sommeliers e enólogos para compartir experiencias.

No nº 8 da mesma rúa encóntrase a **PINACOTECA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO**, que ocupa o pazo Arias Taboada, do século XVII, onde se presentan exposicións de arte galega contemporánea e que conta, ademais, cun «Salón de Autor» dedicado monograficamente a un único artista, e a sala «La Galería», que ten un miradoiro con vistas á zona vella.

Volvemos a **porta do Sol** <sup>9</sup>, onde preside o espazo **O SERE**, unha escultura medio peixe e medio home, do afamado artista Francisco Leiro, todo un referente do Vigo contemporáneo.

A historia de Vigo está chea de ricos filántropos, moitos dos cales dan nome ás rúas do



ensanche da cidade, xurdido a finais do século XIX grazas á prosperidade económica que proporcionan o mar de Vigo e o seu porto. As rúas de Policarpo Sanz e de García Barbón son un bo escaparate para a arquitectura de finais do século XIX e comezos do XX, xa que aquí se funden eclecticismo, modernismo, historicismo, racionalismo...

Os edificios máis destacados, entre outros moitos exemplos da boa arquitectura que Vigo nos pode ofrecer, son **EL MODERNO**, do arquitecto Michel Pacewicz, coa súa fachada curva; o **SIMEÓN**, dos irmáns Gómez Román, con balcóns profusamente decorados en granito e forxa; o **PARDO LABARTA**, de Jenaro de la Fuente, con galería aberta; ou o edificio **SALGUEIRO**, de Romualdo de Madariaga, cunha greca cerámica que lle proporciona movemento.

No noso percorrido, afastámonos do centro histórico, e sucédense as rúas do Príncipe, de





Urzáiz e da Gran Vía, onde están presentes as firmas da moda máis actual, ademais de complementos, calzado e todo tipo de artigos que converten este espazo nunha das áreas máis transitadas do centro urbano. Contigua, sitúase a **praza da Princesa** <sup>17</sup>, en honor á primoxénita da raíña Isabel II. Así a todo, este lugar era coñecido como a praza da Pescadería, xa que ata aquí subían as peixeiras dende o porto, cargando cos cestos de vimbio na cabeza, para vender o peixe acabado de capturar. Na parte traseira do vello concello, vemos a BIBLIOTECA DA FUNDACIÓN PENZOL, considerada como unha das mellores de temática galega, con fondos que van dende o século XV ata a actualidade.

Pasamos polo Arco de Quirós, onde se atopan dous dos locais máis recentes do centro histórico: Juanita Gastrobar e Margarita Cocktail Bar e desembocamos na rúa de Joaquín Yáñez, na que destaca o Edificio Ferro, actualmente sede da BIBLIOTECA PÚBLICA JUAN COMPAÑEL, que reconece a tarefa do editor e impresor de Cantares Galegos, obra de Rosalía de Castro publicada en Vigo en 1863 coa que se produce o «Rexurdimento» da literatura galega; a súa arquitectura, de 1889, é obra de Jenaro de la Fuente, e orixinariamente foi unha casa particular, logo almacén de tecidos e máis tarde sede do Casino

Obreiro, cuxo elegante salón de baile é hoxe a sala de lectura.

**Nesta mesma rúa** <sup>18</sup> atópase a Almoneda Altamira Vigo, que abriu as súas portas hai máis de 25 anos e é un paraíso para os coleccionistas, xa que nos ofrece todo o que teña certo sabor antigo e «vintage», como libros antigos e de lance, postais, moedas, obxectos de decoración, antigüidades... Con paciencia e tempo pódese mercar case de todo neste lugar.

Facendo esquina coa rúa da Ballesta, El Rincón del Arte non só é un obradoiro de encadramento senón que nos brinda a oportunidade de adquirir pezas de arte de pequeno formato. É o lugar ideal para quen se está a iniciar no coleccionismo de obras orixinais.

Desviámonos no noso paseo cara á **rúa de Fermín Penzol** <sup>19</sup> e enlazamos coa **rúa de Carral** <sup>20</sup>, por onde discorría a vella muralla, cuxa porta de Gamboa, da que só conservamos o topónimo, foi lugar de enfrontamento coas tropas napoleónicas no ano 1809.

Ao longo deste paseo imos deixando numerosos establecementos de restauración, algúns con animadas terrazas, onde gozar da gastronomía local a base de pequenos bocados, que van dende as tapas máis tradicionais ata as máis innovadoras ou de fusión. Atopamos tamén algúns comercios con tradición, coma Alejandro Lepina. Todo un referente no eido



do interiorismo, pois xa van pola terceira xeración da mesma familia dende 1939. Ofrecenos aquí as marcas máis exclusivas.

Sen saír deste eido da decoración, podemos visitar tamén Quadro, un obradoiro de encadramento e montaxe de obras de arte que conta cun espazo para exposicións e, na rebotica, unha galería de arte. Na rúa de Carral, Vaidhé Design Shop está especializado en obxectos persoais «customizados».

Ao seu carón, áchase a Abadía de Campos, aberta dende 1994, unha tenda especializada en artigos relixiosos e produtos monásticos, como pastas de nata das monxas de Trasma-

ñó (Redondela) ou o famoso Eucaliptine, un licor que elaboran os monxes de Santa María A Real de Oseira; no Nadal amplíase a oferta con produtos elaborados por numerosas congregacións relixiosas de todo o país.

Xusto en fronte abriu as súas portas nos anos 20 do século pasado un dos ultramarinos máis vellos da cidade, Arjeriz Vinos y Licores; a calidade e variedade dos seus viños convértena nunha das viñotecas máis importantes de España, que completa a súa oferta con outros delicatessen. Ao seu lado, La Despensa de Castilla ofrece produtos gastronómicos desta zona.

Un pouco máis abaixo, está a Panadería-Pastelería Martínez, os donos da cal, chegados dende Meira, na outra beira da ría e con máis dun século de tradición, fixéronse un oco entre os padais máis esixentes grazas ás súas 18 variedades de empanadas de marisco, en especial as de lumbricante, centola ou nava-

ARRIBA Teatro García Barbón  
PÁXINA OPOSTA O Sireno





llas. Podemos degustalas na súa cafetería, así como os bombóns e chocolate artesáns con mil e unha formas.

No nº 20, [Cervexaría Pits](#) xunta fábrica de cervexas artesás e cervexaría, polo que se pode coñecer o proceso de elaboración das súas diferentes variedades. Ao seu carón, [Sweet Paripé](#) é unha orixinal iniciativa dun grupo de creativos que, dende Vigo, deseñan, confeccionan e venden os seus coloridos e atrevidos calcetíns, medias e máscaras.

E así chegamos á rúa de Montero Ríos. Comezamos un agradable paseo polas instalacións do porto deportivo, onde destaca o racionalista edificio do [CLUB NÁUTICO](#), imitando a ponte dun barco; o historicista [HOTEL UNIVERSAL](#), os salóns do cal foron testemuño da puxanza económica, intelectual e política da cidade a finais do século XIX; ou a [ESCULTURA HOMENAXE A XULIO VERNE](#), que visitou Vigo para se documentar sobre a Batalla Naval de Rande, quedando este episodio histórico reflectido na súa novela *20.000 leguas*

*de viaxe submarina*. Moitos son os bares e restaurantes con terrazas que ocupan este paseo, algúns reutilizando as vellas oficinas das empresas consignatarias, tan importantes nunha cidade portuaria.

Nós seguimos polas rúas de **Cánovas del Castillo** <sup>21</sup> e da **Baixada á Fonte** <sup>22</sup> e chegamos á da **Peixería** <sup>23</sup>, popularmente coñecida como a rúa ou o [MERCADO DAS OSTRAS](#), onde chega todo aquel que desexe probar este exquisito manxar que se cultiva na ría de Vigo. O consumo de ostras está acreditado dende hai dous milenios, en época romana, e é tradición ver aquí ás ostreiras abrindo os moluscos coa súa peculiar mestría, perpetuando así este oficio secular. As ostreiras manteñen unha estreita relación cos restaurantes da zona, que ofrecen a posibilidade de utilizar as súas instalacións a cambio de adquirir a bebida e outras viandas que acompañen ás ostras.

Os numerosos restaurantes presentan unha ampla oferta gastronómica, principalmente as mariscarías con terrazas abertas, que nos permiten gozar do benigno clima da cidade e, nalgúns casos, das privilexiadas vistas sobre a ría. Outrora daban de comer aos emigrantes que partían rumbo a América, coma o [Restaurante La Marina](#), que atesoura xa máis dun século de historia, e hoxe atenden aos visitantes, turistas e vigueses que aquí se dan cita. É, sen dúbida, a zona máis concorrida da cidade, sobre todo á hora do aperitivo,



onde non adoita faltar a música tradicional das gaitas.

Non é de estrañar que, entre tanto ir e vir de xentes, se concentren aquí a maioría das tendas de artesanías e recordos, algunhas con máis de 75 anos ás súas costas, coma o [Bazar Jamaica](#), que mesmo ten un debuxante propio que pinta a man pratos con estampas da cidade.

Para rematar a nosa ruta, seguiremos pola rúa de Teófilo Llorente, que nos levará ata a praza Ribeira do Berbés, bañada polo mar ata o século XIX e onde xacando se celebraba o mercado ao aire libre. Aínda hoxe podemos ver o fermoso cruceiro de Antón Failde e a enxebre estampa das casas con soportais dos

mariñeiros. Hai que lembrar que Vigo é un dos portos pesqueiros máis importantes do mundo, ao xerar miles de postos de traballo e contar con cinco lonxas para a poxa do peixe: litoral, baixura, altura, mariscos e unha innovadora lonxa dixital.

**ARRIBA** Mercado das ostras  
**PÁXINA OPOSTA** Ostreira




## O Miradoiro e o parque do Castro

Sobre un antigo poboado celta -de feito na ladeira máis baixa do monte pódese visitar o seu xacemento castrexo parcialmente escavado-, construíuse un dobre recinto fortificado que hoxe é un dos mellores miradoiros da cidade, cunhas magníficas vistas da ría e do porto de Vigo. Perante os nosos ollos contemplamos o ir e vir de embarcacións que comunican as pequenas poboacións mariñeiras da ría. Tamén poderemos ver as impresionantes instalacións portuarias, onde destacan os guindastres dos estaleiros navais ou os peiraos cheos de contedores, granito e vehículos listos para ser exportados, e, ao fondo, as Illas Cíes pechando o conxunto. A panorámica é todo un espectáculo digno de ser admirado.

O MONTE DO CASTRO ofrécenos tamén numerosos conxuntos escultóricos, coma o dedicado a Curros Enríquez, a Martín Códax ou As áncoras, en memoria dos galeóns afundidos na batalla de Rande de 1702. Así mesmo, debemos mencionar que este lugar é un pequeno xardín botánico onde descubrir especies e árbores centenarias, sen esquecer as súas fermosas camelias, incluídas dentro da *Ruta da Camelia de Galicia*.

## O Parque de Castrelos e o pazo Quiñones de León

O PARQUE DE CASTRELOS débémollos ao filántropo Fernando Quiñones de León, marqués de Alcedo. Grazas a el e dende 1924 podemos gozar do parque de 22 hectáreas, dos xardíns, con espléndidos exemplares botánicos, e do pazo, hoxe convertido en museo municipal. Todo o conxunto foi declarado Ben de Interese Cultural. No parque atopamos un lago artificial, con diversas aves acuáticas, fontes, sendeiros, árbores centenarias e un grande auditorio ao aire libre. O PAZO QUIÑONES DE LEÓN amósanos o pasado da cidade a través das salas de arqueoloxía, a recreación



**ABAIXO** Parque de Castrelos

**PÁXINA OPOSTA** Atardecer sobre as Illas Cíes



do ambiente dun pazo do século XIX e as artes decorativas. Conta, ademais, cunha importante colección de pintura, considerada como unha das maiores pinacotecas de Galicia.

Detrás do pazo, os xardíns convidannos a dar un paseo para coñecer as súas diferentes seccións: o roseiral e a colección heráldica; o xardín francés co seu trazado xeométrico de sebes de buxo e a camelia Matusalén, unha das máis vellas de Galicia; o xardín inglés ou Pradaría do Té, con elegantes exemplares de camelias, tulipeiros e magnolios, arredor do estanque central; e ao fondo, o bosque, cuns impresionantes eucaliptos plantados no 1872.

### **Paseo pola escultura monumental e a praia de Samil**

Vigo conta cunha das mellores mostras de escultura pública contemporánea, entre as que podemos enumerar o MONUMENTO AO TRABALLO, de Ramón Conde, na Gran Vía, chamado popularmente Os COLOSOS, polo enorme esforzo que realizan os homes do mar; a FONTE DOS CABALOS, de Juan de Oliveira, na praza de España, cargada de enorme dinamismo e verdadeiro homenaxe á festa ancestral da RAPA DAS BESTAS; a PORTA DO ATLÁNTICO, de Silveiro Rivas, na praza de América, que nos lembra que Vigo é a porta

cara a América; o MONUMENTO AO FERREIRO, de Guillermo Steinbrüggen, na praza de Eugenio Fadrique, que amosa a importancia do sector metalúrxico na industria naval; ou O RAPTO DE EUROPA, de Juan Oliveira, na avenida de Samil, que nos leva á praia máis popular de Galicia, un lugar ideal para gozar ao aire libre da propia praia, os frondosos piñeirais circundantes ou as terrazas coas mellores vistas.



**ABAJO** Pazo Quiñones de León







გზიციბ